Cartel soviético sobre o dereito das mulleres ao voto e a ser elixidas nunhas eleccións.

Marcha polo sufraxio feminino en Nova York en 1912.

Un longo camiño **pola igualdade**

As mulleres foron as grandes esquecidas da Historia. É hora de reivindicar e recuperar a súa participación en todos os campos do desenvolvemento humano, pois, a pesar de todos os obstáculos cos que se atoparon para realizar calquera actividade, sobre todo as públicas, as mulleres fixeron contribucións en todo momento.

Clara Campoamor preside a inauguración da Unión Republicana Feminista (1931).

Avances políticos no mundo:

1791 Declaración dos **dereitos da muller e da cidadá** por Olympia de Gouges.

1893 **Nova Zelandia** convértese no primeiro país no que as mulleres teñen **dereito ao voto** en iguais condicións.

1906 **Finlandia,** primeiro país europeo con voto feminino.

1918 Créase a **Asociación Nacional de Mulleres Españolas** (ANME) que se convertería na organización feminista máis importante de España.

8 de maio de 1931
O Decreto Regulador para Eleccións a Cortes Constituíntes recoñece a **elixibilidade das mulleres, pero sen dereito a voto.**

1 outubro de 1931
A Cámara de Deputados aproba o **sufraxio feminino** por 161 votos a favor e 121 en contra.

1931 Elixidas as **primeiras deputadas:** Clara Campoamor (Partido Radical) e Victoria Kent (Esquerda Republicana): dúas mulleres dun total de 465 deputados.

1944 Apróbase o voto feminino en **Francia.**

1971 Sufraxio universal en **Portugal.** Desde 1931 podían votar as mulleres con escola secundaria completa.

1978 A Constitución Española establece "**Os españois son iguais perante a lei**, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social" (art. 14).

2004 **Kuwait** recoñece o voto feminino. Aínda hai países como Líbano, Omán ou Arabia Saudí que prohiben a participación das mulleres.

Fundada en 1551 co nome de "Real y Pontificia Universidad de México" a Universidade Nacional Autónoma de México é a maior en lingua española.

Universidade de Alcalá de Henares. En España as mulleres accederon sen condicións desde 1910.



Universidade de Princeton, permitiu o acceso das mulleres como estudantes en 1969.



Universidade de Cambridge, permitiu o acceso das mulleres sen restricións en 1947.

A★

CON A DE ASTRÓNOMAS

Avances educativos en España:

Século XV-XVI
Algunhas mulleres ensinan en **Salamanca e Alcalá de Henares:** Teresa de Cartagena, Luisa de Medrano, Francisca de Lebrija...

1785 María Isidra de Guzmán y de la Cerda (Madrid,1768-Córdoba, 1803) recibiu o **Grao de Doutora** en Filosofía e Letras Humanas na Universidade de Alcalá de Henares, autorizada para iso por unha Real Orde do Rei Carlos III.

1857 A *Lei Mollano* establece a **escolaridade obrigatoria para as nenas**.

1868 Permítese o ingreso das **mulleres nas universidades españolas**.

1882 Unha Real Orde do 16 de marzo **prohibe o acceso das mulleres ao Ensino Superior**, excepto co "permiso da autoridade competente".

1882 Obteñen o **doutoramento en Medicina** na Universidade Central, María Dolores Aleu Riera e Martina Castells Ballespí.

1910 Real Orde pola que se permite o **acceso das mulleres á universidade** sen permiso ou restricións.

1914 **Primeira Licenciada en Ciencias:** María Sordé Xipell.

1917 **Primeira doutora en Ciencias:** Catalina de Sena Vives Pieras.

1918 **Primeira doutora en Farmacia:** Zoé Rosinach Pedrol.

1929 **Primeira Licenciada en Enxeñería Industrial:** Pilar Careaga Basabe.

1953 Ángeles Galindo Carrillo é a primeira muller que en Oposición libre obtén unha **Cátedra na Universidade española**.

1975

Assumpció Català primeira astrónoma profesora numeraria na universidade española.